

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 30 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 17362 (10/CPC-000030)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. director xeral de Inclusión Social, por petición propia, para informar sobre o regulamento e desenvolvemento da Axenda Social de Galicia, asinada o 7 de xuño de 2016 pola Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Rede Europea de loita contra a pobreza e a exclusión Social en Galicia (EAPN Galicia)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Punto 2. Preguntas

- 2.1 21956 (10/POC-003552)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre o balance dos traballos realizados pola Comisión asesora de publicidade non sexista desde a súa posta en marcha en novembro de 2014
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 2.2 27684 (10/POC-004469)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para dotar o Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018
- 2.3 30785 (10/POC-004873)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno das demandas dos traballadores do servizo de transporte sanitario terrestre, a súa opinión en relación coa garantía dun servizo de calidade, así como as condicións e os dereitos laborais dos traballadores, o tipo de control que está a levar a cabo ao respecto e súas intencións referidas á mediación entre as empresas adxudicatarias e o persoal do servizo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018

2.4

30809 (10/POC-004878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co grao de cumprimento e as consecuencias da aplicación en Galicia da Lei 42/2010, pola que se modifica a Lei 28/2005, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, a súa opinión no tocante á necesidade do seu endurecemento e os datos referidos ás denuncias presentadas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 22/05/2018 17:32:50